

AXUDAS PARA AUTONOMOS E AXUDAS PARA HOSTELERIA

O 24 DE SETEMBRO PUBLÍCANSE NO DOG VARIAS LÍNEAS DE AXUDAS:

1.- A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE publica A Orde do 10 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as **axudas para a conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma** e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR341R).

Persoas e entidades beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas traballadoras que estean dadas de alta no réxime especial da Seguridade Social de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, segundo o anexo I, teñan o seu centro de traballo (ou domicilio social, no caso de careceren deste) na Comunidade Autónoma de Galicia, que gozasen dunha baixa por maternidade ou paternidade e que no prazo dos quince días seguintes ao da súa finalización contraten unha persoa traballadora por conta allea.

2. Tamén serán beneficiarias as sociedades e comunidades de bens que realicen una contratación nas mesmas condicións que no parágrafo anterior con respecto ás persoas autónomas societarias.

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, unha vez finalizada a súa baixa por maternidade ou paternidade, contraten unha persoa para ampliar a súa conciliación da vida familiar e laboral.

Tamén se subvencionarán os gastos de gardaría e os de centro ou do servizo de coidado de persoas maiores e/ou dependentes realizados no período subvencionable.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, ATA **24 DE OUTUBRO**.

2.- A AXENCIA TURISMO DE GALICIA publica a Resolución do 23 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ao sector da hostalaría para a promoción da dixitalización e o márketing dixital, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU503C).

Persoas beneficiarias

1. Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias as persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, as microempresas e as pemes do sector de hostalaría que teñan o seu domicilio fiscal en Galicia. Para os efectos destas axudas, considéranse dentro do sector da hostalaría os hoteis, hostais, casas rurais e outros tipos de aloxamentos, ademais de restaurantes, bares e outros establecementos de restauración.

2. As entidades solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en adiante, REAT), con base nos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Prazo de presentación de solicitudes

O **prazo de presentación de solicitudes** será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata **23 de outubro**.